



O NOSO PODCAST

1º ESO
IES de Ponte Caldelas




Para rematar o curso imos facer os nosos propios podcasts radiofónicos.

CARACTERÍSTICAS:

- Grupos de 2-3 persoas.
- Formato de informativo.
- Noticias creadas polo alumnado, temática libre.
- Duración aproximada: 3 min.
- Fases: redacción, gravación e edición.

Velaquí un guión orientativo do podcast:

TEMPO	SECCIÓN	MÚSICA
30"	PRESENTACIÓN	(sintonía entrada)
2'	NOTICIAS	(música de noticias)
30"	DESPEDIDA	(sintonía saída)



FASE 1: REDACCIÓN

FASE 1: REDACCIÓN

1. Decidir nome do programa e temática das noticias.
2. Redactar presentación:
 - Debe incluír nome do programa e das persoas participantes.
3. Redactar noticias:
 - Segundo as características vistas na clase.
 - Duración total aproximada: 2 min.
4. Redactar despedida.
5. Revisión da profesora antes de gravar.




FASE 2: GRAVACIÓN




FASE 2: GRAVACIÓN

- Gravarase cos móbiles do alumnado, na aula ou na casa.
- Todas as persoas do grupo deben locutar.
- Consellos:
 - Sen interferencias nin ruído de fondo.
 - Falar a modo e claro.
 - Correcto uso da lingua.



FASE 3: EDICIÓN



FASE 3: EDICIÓN

1. Creade unha carpeta no ordenador para gardar as vosas gravacións.
2. Enviádevos a vós mesmos/as por correo as vosas gravacións e descargádeas no ordenador.
3. Convertide as gravacións a MP3 a través **desta ferramenta.**



FASE 3: EDICIÓN

4. Seleccionade a música que ides utilizar.
Tedes recursos para descargar na Aula Virtual.
Precisades:

- Sintonía de entrada
- Música noticias
- Sintonía de saída
(pode ser a mesma que a de entrada)




Este é o programa que imos utilizar para editar:




Premer **aquí** para instalar o programa no PC.

A EDITAR!

- A profesora explicaravos como editar e gardar o voso podcast.
- A continuación, debes subilo á Aula Virtual, no apartado O NOSO PODCAST.





**BO TRABALLO,
XORNALISTAS!**